Universidade de Vigo
Campus de Vigo
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría da Enerxía
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Máster en Xeoinformática
Centro certificado FIDES-AUDIT
Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ACTA

## COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

## 8 ABRIL DE 2016

**Anexos:**

I. Convocatoria de CGC do 08/04/2016.
II. Asistentes a la CGC do 08/04/2016.
III. Acordo COAP: PDA da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2016/17
IV. Acordo COAP: Encargo da materia "Xeoloxía" na PDA da ETSE de Minas para o curso 2016/17
V. Orzamento da Escola para o exercicio 2016.
VI. Procedemento AC-01-04 P1: Accesos y Admisión
VII. Procedemento AC-02-01 P1: Matrícula
VIII. Procedemento AC-04-01-P1: Expedición de títulos oficiais
IX. Procedemento DO-0101 P1: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.

Ábrese a sesión ás 12:30 horas, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida pola presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín. Actúa como secretario o representante do alumnado, Don Marcos González Bello e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ordinaria celebrada o 29 de marzo de 2016.**

A acta da sesión celebrada o 29 de marzo enviouse con anterioridade a todos os membros da Comisión.

Don Marcos González Bello solicita unha modificación na acta da sesión anterior, a saber, solicita que o seu voto realizado na votación que precedeu no punto 2, figure como voto particular e se inclúa a seguinte aclaración "*A abstención manifestada polo alumno Marcos González Bello basease na súa oposición a calquera proposta que implique unha redución de grupos en calquera curso dos Graos, pero manifesta o seu apoio á Dirección da Escola para que tome todas as medidas que consideren oportunas para que prevalezan os dereitos de docencia do alumnado*".

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión anterior del 29 de marzo de 2016 coa modificación anteriormente citada. Dita acta será posta na sección de Descargas de Documentos de acceso libre da web do Centro:
http://webs.uvigo.es/ETSIminas/cms/index.php?id=656,708,0,0,1,0

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

**2. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2016-2017.**

A presidenta presenta o escrito recibido o 1 de abril de 2016 (Anexo III), sobre o acordo adoptado pola COAP referido á PDA da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2016/17, no que se solicita que a Xunta de Centro da E.T.S de Enxeñaría de Minas remita unha nova proposta de PDA na que, 90 ECTS (15 materias) compartidas nos dous primeiros cursos entre o Grao en Enxeñaría da Enerxía e o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, teñan 1 só grupo A.

A Comisión de Calidade aprobou, por unanimidade, non remitir unha nova proposta de PDA nos termos solicitados e ratificar a proposta de PDA aprobada en Xunta de Escola do 29 de marzo de 2016, por entender que dita proposta é unha proposta de calidade docente, conservadora, coherente coa realidade do centro e que se axusta ao establecido no Decreto 161 /2015*: "En el caso de enseñanzas de grado impartidas en el SUG, cuyos planes de estudio sean coincidentes en un mínimo de 90 créditos ECTS en los dos primeros cursos, y compartan la organización docente de eses cursos, en grupos teóricos y prácticos, se computarán conjuntamente los/las estudiantes de nuevo ingreso a los efectos de lo establecido en este artículo"*

A Presidenta tamén presenta o escrito recibido o 1 de abril de 2016 (Anexo IV), sobre o acordo adoptado pola COAP referido ao encargo docente da materia "Xeoloxía" nos Graos impartidos nesta Escola, e segundo o cal se solicita acordo da Xunta de Centro sobre o cambio de adscrición da materia "Xeoloxía" do departamento T06 (Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente) ao departamento C10 (Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio) xa que este último departamento dispón de folgura docente no Campus de Vigo.

A Comisión de Calidade aprobou, por unanimidade, enviar unha nova lista priorizada na que non se inclúe nin ao departamento C10 (Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio) nin ao departamento C06 (Matemáticas), por considerar que a súa solicitude non está debidamente xustificada tal e como se específica nos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2016-17, nin se especifica a área que poida asumir o encargo das materias, tal e como se específica no oficio enviado pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado o pasado 15 de febreiro, sobre o proceso de elaboración da Planificación Docente Anual (PDA) do curso 2016/2017.

Así mesmo acordou solicitar á COAP un certificado do acordo ou acordos referentes á aprobación dos criterios xerais a utilizar pola COAP para establecer o departamento/área que asumirá a docencia dunha materia xa que a Comisión de Calidade entende que non existen razóns académicas nin docentes para cambiar a adscrición da materia "Xeoloxía", tal e como ven indicado no acordo da COAP, atendendo ás seguintes consideracións:

- As materias "Xeoloxía" incluídas no plan de estudos dos Grados impartidos nesta Escola teñen un perfil tecnolóxico por estar ditos graos adscritos á Rama de Coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura e impartirse nun centro do ámbito tecnolóxico. É por isto, polo que os departamentos que imparten docencia nestes graos pertencen ao ámbito tecnolóxico e non ao ámbito científico, tal e como ocorre con el resto de materias incluídas nos graos do centro.

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es


- O departamento que actualmente imparte a docencia conta con persoal docente e investigador con formación, experiencia e investigación en xeoloxía aplicada á enxeñaría.

- A asignación de dita docencia desde a implantación dos graos foi aprobada por asentimento unánime pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Escola do 4 de abril de 2010, e o departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio nunca tivo asignado o encargo de docencia en ningún dos graos impartidos neste centro.

- As taxas de éxito/rendemento/avaliación das materias “Xeoloxía” nos dous graos (http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=433) acadan, en todos os anos académicos, valores moi superiores aos estimados na memoria de grao correspondente

- Non existen queixas a través do Sistema de Queixas, Reclamacións e Suxestións do centro, nin incidencias nas obrigas docentes do profesorado da materia, nin se detectaron deficiencias a través do PAT nin na materia, nin nos docentes da mesma.

- A valoración nas enquisas de valoración docente, tanto da materia como dos docentes, está por enriba da media.

- Un cambio de adscrición e, polo tanto, de profesorado vai en detrimento da calidade docente tal e como se reflectiu no informe oral que fixo a Comisión de Acreditación dos graos, que detectou como punto débil os continuos cambios e a pouca continuidade do profesorado en certas materias.

**3. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2016.**

A comisión de Calidade acorda, por asentimento, aprobar o orzamento da Escola para o exercicio 2016.

O citado documento foi enviado previamente aos membros da Comisión e se achega como Anexo V a esta acta

**4. Modificación, se procede, dos responsables da coordinación para o curso 2016- 2017.**

A Comisión de Calidade acorda, por asentimento, modificar os responsables da coordinación para o curso 2016-2017, nomeando aos profesores que se citan a continuación como responsables de coordinación no ámbito que se especifica no seguinte cadro:

| | |
|---|---|
| MÁSTER UEM | Elena Alonso Prieto |
| MÁSTER X | Higinio González Jorge |

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

| | |
|---|---|
| GRAO EE | David Patiño Vilas |

| | |
|---|---|
| GRAO ERME | María Araújo Fernández |
| 1º CURSO GRAOS | Elena González Rodriguez |
| 2º CURSO GRAOS | Eduardo Giráldez Pérez |
| 3º E 4º CURSO EE | Pablo Eguía Oller |
| 3º E 4º CURSO ERME | Fernando García Bastante |
| PRÁCTICAS EXTERNAS | Javier Taboada Castro |
| 1º E 2º CURSO MUEM | Teresa Rivas Brea |
| CALIDADE MUEM | María Araújo Fernández |
| PAT | Itziar Goicoechea Castaño |
| DIFUSIÓN | Marta Cabeza Simó |
| CALIDADE | Ángeles Saavedra González |

5. **Modificación, se procede, da composición da Comisión de Calidade.**

A Comisión de Calidade, tendo en conta os cambios na Dirección da Escola, acorda, por asentimento, aprobar a modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro, que queda conformada polos seguintes membros:

| | | |
|---|---|---|
| Presidente comisión: | Director/a del centro | Natalia Caparrini Marín |
| Secretaria comisión: | Coordinador/a de Calidade | Ángeles Saavedra |
| Coordinador/a Grados | Grado EE | David Patiño Vilas |
| | Grado ERME | Carmen Pérez Pérez |
| Coordinador/a Masteres | Master IM | Elena Alonso Prieto |
| | Master XI | Higinio González |
| Enlace de Igualdad: | | Teresa Rivas Brea |
| Representante do PDI: | | Benito Vázquez Dorrío |
| Representante do Alumnado: | | Marcos González Bello |
| Representante dos Egresados: | | Luisa Álvarez Zaragoza |
| Representante da Sociedade: | | Diego López González |
| Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue: | | Mª Carmen Romo |
| Representante da UTC: | | Raquel Gandón |

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

6. **Aprobación, se procede, do Procedemento AC-01-04 P1: Acesos e Admisión.**

A Comisión de Calidade acorda, por asentimento, aprobar o procedemento *AC-01-04 P1: Acesos e Admisión* que substitúe a parte do procedemento *PC04 Selección, Admisión e Matriculación de Estudantes* aprobado o 11/12/2008.

Dito documento foi enviado previamente aos membros da Comisión e se achega como Anexo VI a esta acta

7. **Aprobación, se procede, do Procedemento AC-02-01 P1: Matrícula.**

A Comisión de Calidade acorda, por asentimento, aprobar o procedemento *AC-02-01 P1: Matrícula* que substitúe a parte do procedemento *PC04 Selección, Admisión e Matriculación de Estudantes* aprobado o 11/12/2008.

Dito documento foi enviado previamente aos membros da Comisión e se achega como Anexo VII a esta acta

8. **Aprobación, se procede, do Procedemento AC-04-01 P1: Expedición de títulos oficiais.**

A Comisión de Calidade acorda por asentimento aprobar o procedemento AC-04-01 P1: Expedición de títulos oficiais que substitúe ao procedemento PA09 Xestión de Expedientes e Tramitación de Títulos aprobado o 11/12/2008.

Dito documento foi enviado previamente aos membros da Comisión e se achega como Anexo VIII a esta acta

9. **Aprobación, si procede, del Procedemento DO-0101 P1: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.**

A Comisión de Calidade acorda por asentimento aprobar o procedemento DO-0101 P1: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais, que substitúe a parte do procedemento DO 0101 Deseño, verificación e autorización das titulacións 09/07/2013.

Dito documento foi enviado previamente aos membros da Comisión e se achega como Anexo IX a esta acta

10. **Rogos e Preguntas.**

No se producen intervencións.

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 5 horas do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a oito de abril de dos mil dezaseis.

A Presidenta



Natalia Caparrini Marín

O Secretario



Marcos González Bello

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO I

Universidade de Vigo

*Campus de Vigo*

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría da Enerxía
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Máster en Xeoinformática

Centro certificado FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

Por orden del presidente, se convoca a todos los miembros de la Comisión de Garantía de Calidad de la ETSI de Minas a una reunión **PRESENCIAL** que tendrá lugar el día 04 de marzo de 2016 en la Sala de Juntas del módulo de dirección de la ETSI de Minas a las 11:30 horas en primera convocatoria y a las 12:00 horas en segunda, para tratar los siguientes puntos del:

**ORDEN DEL DIA:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 29 de marzo de 2016.
2. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2016-2017
3. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2016.
4. Modificación, se procede, dos responsables da coordinación para o curso 2016- 2017.
5. Modificación, se procede, da composición da Comisión de Calidade.
6. Aprobación, se procede, del Procedemento AC-01-04 P1: Accesos y Admisión.
7. Aprobación, se procede, del Procedemento AC-02-01 P1: Matrícula.
8. Aprobación, se procede, del Procedemento AC-04-01 P1: Expedición de títulos oficiales.
9. Aprobación, se procede, del procedemento DO-0101 P1: Diseño, verificación, modificación y Acreditación de titulaciones.
10. Rogos e preguntas.

Natalia Caparrini
Coordinadora de la Comisión de Calidad

*Se envía por correo electrónico toda la documentación*

Centro certificado FIDES-AUDIT
Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es

# ANEXO II

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/

| Asistentes á CGC do 08 de abril de 2016 |
|---|
| Natalia Caparrini Marín (Secretaria) |
| David Patiño (Grado IE) |
| Elena Alonso Prieto (Master IM) |
| Javier Arzúa (Alumno) |
| Marcos González Bello (Alumno) |
| Mª Carmen Romo Pérez (PAS) |
| Teresa Rivas Brea (Igualdade) |
| Carmen Pérez (Grado IRME) |
| María Araujo (Master TMA) |
| Diego López González (Sociedad) |
| Luisa Álvarez Zaragoza (Egresado) |
| Raquel Gandon (UTC) |

| Excusan asistencia á CGC del 08 de abril de 2016 |
|---|
| Higinio Gonzalez Jorge (Master XI) |

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/



# ANEXO III

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/


# ANEXO IV

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/


# ANEXO V

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/


# ANEXO VI

# ANEXO VII

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/


# ANEXO VIII

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
http://etseminas.uvigo.es/

# ANEXO IX